

Un traballo de todos

Informar da validez, legalidade e mesmo conveniencia de redactar en galego un documento, no momento de iniciar calquera trámite. Niso consiste o que o Plan xeral de normalización da lingua galega denomina oferta informativa, un xesto considerado obxectivo básico deste plan. A Secretaría Xeral de Política Lingüística ten asumido como propios os obxectivos e as estratexias do plan, que no ámbito da Xustiza establece como meta alcanzar esta oferta informativa con naturalidade, de forma que se elimine calquera traba para exercer o dereito lingüístico por parte dos cidadáns.

Para conseguir ese obxectivo, o conxunto dos axentes que temos unha voz neste ámbito fomos dando pasos significativos para a recuperación da normalización lingüística nun sector que, recordemos, foi pioneiro na historia da nosa lingua no uso formal do galego, pois xa no século XIII o galego era a lingua escrita de todo tipo de actos notariais, xudiciais

tamén para levar a todas as notaría galegas a mensaxe do Plan de normalización neste ámbito. O diálogo iniciado co Colexio de Notarios de Galicia traerá, de seguro, novas conquistas para o galego.

Tamén a través dun órgano colexiado, o Consello da Avogacía Galega, emprendéronse accións específicas encamiñadas a introducir o galego nos colexios de avogados de Galicia, e especificamente co Colexio de Avogados de Santiago temos en vigor un acordo de colaboración para seguir aprofundando na normalización lingüística desta entidade. É merecedor de recoñecemento o impulso que este Colexio lle está dando ao emprego da lingua nas súas actividades, o seu papel de asesoramento para os arredor de 500 profesionais colexiados e o seu labor de promoción da reflexión arredor desta cuestión.

As novas tecnoloxías abren unha oportunidade para amplificar o impulso ao idioma, con accións multiplicadoras. Aínda hai un campo importante no que avanzar, que é a tradución dos textos legais e das ferramentas electrónicas axeitadas para o labor diario dos profesionais do Dereito. Desde o espazo web da Secretaría Xeral de Política Lingüística quixemos, ata o de agora, contribuír á difusión da versión galega de lexislación relativa á propia lingua. Para o conxunto da produción de lexislación, o convenio entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Boletín Oficial do Estado vai permitir ampliar o número de textos legais dispoñibles en lingua galega. A rede, facilitará a chegada destes documentos de traballo diario a todas as persoas interesadas. Os novos tradutores automáticos, xa moi precisos, o avance da localización en galego de programas informáticos de xestión na Administración de Xustiza e, en xeral, a incorporación do galego ás novas ferramentas tecnolóxicas constitúen elementos vitalizadores do presente e do futuro da lingua.

e administrativos. A decadencia posterior marcou unha inercia que aínda hoxe lle nega status legal ao galego, impide que a súa utilización sexa aínda insuficiente nas facultades de Dereito, e frea, afortunadamente cada vez menos, esa xeneralización da oferta informativa.

Os pasos que hai que dar comezan pola formación dos profesionais. Ademais dos cursos de linguaxe xurídica que se veñen realizando desde hai anos, hai unha iniciativa novidosa, modesta en termos cuantitativos pero moi relevante polo que supón de achegamento entre a lingua e un ámbito aparentemente remiso a un maior uso no seu sector. Por primeira vez, o ano pasado realizouse o primeiro curso de galego para notarios, unha actividade que puidera parecer modesta, pero que abriu un camiño de colaboración e que serviu

Este camiño abrimolo e andámolo entre todos. O esforzo e a participación dos profesionais, dos usuarios e administrados que solicitan a documentación en galego e que colaboran para que as pexas que aínda existen non constituán atrancos verdadeiros a unha vida en galego, permitirán que a lingua recupere a vitalidade que lle cómpre neste ámbito tan importante para a convivencia social. As administracións públicas temos por diante aínda un longo traballo para facer que as relacións informais que se desenvolven habitualmente en galego no ámbito xurídico cheguen na mesma lingua ao plano formal e visible.

Marisol López Martínez
Secretaría xeral de Política Lingüística

O xerundio: uso abusivo e principais usos incorrectos

O dicionario académico define o xerundio como unha forma verbal que expresa unha acción que se está realizando. O xerundio é unha forma invariable non persoal do verbo que pode rematar en –ando (*condenando*), en –endo (*resolvendo*) ou en –indo (*requirindo*) e que habitualmente equivale a un adverbio ou a unha oración adverbial. Na linguaxe xurídica contemporánea podemos constatar un uso abusivo deste tempo verbal que a miúdo deriva nun exceso de construcións subordinadas.

Este novo réxime legal, creando unha única categoría de vivendas de protección oficial e incorporando as particularidades das persoas que as queren adquirir, posibilita o acceso á vivenda con carácter xeral, pero reconducindo as axudas económicas cara aos compradores máis necesitados, comezando unha nova concepción da lexislación protectora.

É recomendable fuxir do uso xeneralizado dos xerundios xa que o abuso destas construcións recarga a redacción dos documentos e dificulta a comprensión. En moitos casos estas formas verbais evitan o uso dunha puntuación máis rendible.

Este novo réxime legal crea unha única categoría de vivendas de protección oficial e incorpora as particularidades das persoas que as queren adquirir. Deste xeito posibilita o acceso á vivenda con carácter xeral, pero reconduce as axudas económicas cara aos compradores máis necesitados, o que fai comezar unha nova concepción da lexislación protectora.

Alén disto, á hora de empregar estas formas debemos ter en conta que o seu uso adoita presentar incorreccións en dous planos: no temporal e no do seu significado.

No plano temporal cómpre termos en conta que o xerundio só pode expresar accións simultáneas ou anteriores á do verbo principal.

Alegando eses razoamentos acadou unha resolución xusta. (accións simultáneas)

Alegando eses razoamentos acadará unha resolución xusta. (acción anterior á do verbo principal)

Xa que logo, non é correcto o uso desta forma verbal para indicar unha acción posterior á do verbo principal.

*Redactou a demanda o pasado luns, *presentándoa dous días máis tarde.*

*A sentenza foi firme, *provocando o ingreso inmediato na prisión.*

Nestes casos as formas do xerundio poden ser substituídas por unha construción copulativa coa conxunción e.

Redactou a demanda o pasado luns e presentouna dous días máis tarde.

A sentenza foi firme e provocou o ingreso inmediato na prisión.

Canto ao significado, o xerundio pode asumir o valor de adxectivo explicativo mais é incorrecto o seu uso cando ten un valor especificativo que modifica o substantivo que acompaña.

*Achegámoslle unha *notificación requirindo a súa presenza na sala.*

*A xuíza ditou unha *sentenza condenando as tres persoas inculpadas.*

Estas construcións poden ser facilmente substituídas por unha cláusula de relativo.

Achegámoslle unha notificación na que se require a súa presenza na sala.

A xuíza ditou unha sentenza na que condenaba as tres persoas inculpadas.

Seminario de actualización e reciclaxe da lingua galega: principais modificacións introducidas no texto das normas no ano 2003

Durante o mes de marzo desenvolveuse neste colexio un seminario de actualización e reciclaxe que abordou diversos aspectos referidos, sobre todo, aos últimos cambios introducidos na normativa oficial do galego. De modo máis xeral, o seminario tamén serviu para que o alumnado realizase un breve percorrido polos erros máis frecuentes que se adoitan cometer no uso do noso idioma. O seminario contou cun elevado número de persoas inscritas, polo que finalmente tivo que realizarse en dúas quendas. Os alumnos e alumnas que superaron o 75% de asistencia recibirán un certificado expedido polo colexio e pola Secretaría Xeral de Política Lingüística. Ao longo deste ano convocaranse outros seminarios específicos dentro da programación formativa en lingua galega deseñada polo Servizo de Asesoramento Lingüístico en colaboración coa Secretaría Xeral de Política Lingüística. Toda a información acerca dos cursos formativos e doutras actividades poderá consultarse no sitio web que o servizo de asesoramento lingüístico ten na páxina www.ica-santiago.org.

